

# Bases do Campamento Explora Ourense 2022



Organiza:



Colabora:

**sustinea**  
sostibilidade e cambio social



## 1. **Introdución**

O campamento de verán Explora Ourense; un proxecto lúdico e educativo que inclúe a programación e o desenvolvemento de actividades relacionadas coa natureza, deportes, actividades ó aire libre, xogos, xogos de sala, artísticas e calquera outra que contribúa a ese obxectivo. O campamento distribuirase en 2 quendas que terán lugar nas seguintes datas:

- **Primeira quenda: do 1 de agosto ao 6 de agosto (nenos/as do ano: 2010-11-12)**
- **Segunda quenda: do 7 ao 12 de agosto (nenos/as do ano: 2006-07-08-09)**

## 2. **Lugar de realización**

Nas instalacións do Complexo do Corgo, en Muíños.

## 3. **Actividades**

- Actividades en inglés
- Xogos e deportes
- Actividades náuticas
- Actividades ó aire libre, de natureza e sobre o medio natural
- Actividades artísticas
- Actividades nocturnas
- Teatro e conta-contos
- Baile, actividades culturais

## 4. **Destinatarios**

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2006 e 2012, ámbolos dous incluídos.

## 5. Solicitude de prazas

Poderanse solicitar as prazas mediante a entregada dunha folla de solicitude dende o **4 de xullo ata o completar prazas** na web **www.exploraourense.com**

## 6. Adxudicacións

Unha vez recibida a solicitude de praza porémonos en contacto coa persoa solicitante por email e dende ese momento disporá de catro días para enviar a documentación correspondente.

## 7. Reserva de praza

**Unha vez sendo persoa adxudicataria**, disporá de 3 días para facer a reserva de praza facendo o pago de 88 euros no seguinte número de conta:

Abanca ES04 2080 0473 6330 4000 8261

### 8. Documentación complementaria

Unha vez feita a reserva de praza co pago da mesma disporá ata o 22 para entregar a seguinte documentación por correo electrónico a [info@exploraourense.com](mailto:info@exploraourense.com).

**1. Folla de inscrición**, na que se deben cubrir os datos do/a neno/a, xunto cos seus datos médicos (alerxias, enfermidades e outras, especificando as enfermidades infectocontaxiosas que os/as responsables do campamento deberán ter en conta á hora de tratar aos/ás menores. Será enviada unha vez resulten adxudicatarios/as da praza.

Deberase presentar unha folla por neno/a.

É importante non omitir ningún dato, xa que afectan á organización das quendas de campamentos en canto a adquisición de alimentos para os/as alérxicos/as, informar dos tratamentos aos/ás monitores/as, etc.

**2. Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor/a.**

3. Fotocopia do DNI do/a menor ou, no caso de que non o teña, do libro de familia.
4. Fotocopia da tarxeta sanitaria ou do seguro médico privado do/a menor.
5. Certificado médico en caso de alerxias ou de estar seguindo calquera tratamento.

## **8. Prezo**

O prezo será de **88 euros por neno/a**.

## **9. Devolución da cota**

Se, unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidera asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada polo menos 15 días naturais antes do inicio da actividade, ou cando por causas non imputables á persoa interesada non se preste o servizo ou a Organización anule a actividade.

Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no apartado anterior, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude.

Para estes efectos, as persoas interesadas disporán dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de participación na documentación que lles será remitida ao seu enderezo electrónico.